

Colegio San Fernando

Bajada Salgueira, 39–40. 36204 _ Vigo

986 410 361

cpr.sanfernando@edu.xunta.gal

<https://colegiosanfernandovigo.com>



PLAN DE ACOLLIDA

2025_2026

Colegio San Fernando

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- PLAN DE ACOLLIDA: PAUTAS XERAIS	4
2.1.- SITUACIÓN DE PARTIDA DOS ALUMNOS INMIGRANTES	4
2.2. OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR. METODOLOXÍA	5
2.3.- OBXECTIVOS DO TITOR NA SÚA AULA	6

1.- INTRODUCCIÓN

O Plan de Acollida, é “o conxunto de actuacións que o centro educativo pon en marcha para facilitar a adaptación do alumnado que se incorpora novo. Estas actuacións sistematizadas quedan recollidas nun documento de referencia para todo o equipo docente”.

Esto conlevará un proceso de adaptación que ten que ser mutuo e no que teñen que aportar o mejor de cada un deles, tanto do que chega ao centro como do que o acolle.

Este Plan expón as actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

A lingua, a integración dos alumnos no aula, coñecer novos amigos, o descoñecemento das instalacións, o descoñecemento das técnicas e formas... moitos son os factores que condicionan a os nosos alumnos recién chegados a sentirse “fora de todo”, “extranos entre iguais”.

É un proceso polo que pasan os nenos e nenas e que, en moitos casos, resulta doroso: Non teñen amigos, deben comezar de novo, deben conseguir ser aceptados, deben agradar, deben aceptar... Os horarios das clases, as formas de educar, os contidos curriculares, as instalacións, as normas... son moitos cambios. O proceso de coñecemento mutuo... a integración... trátase dun proceso de adaptación mutua, de comprensión e aceptación.

As leis que rexen actualmente o sistema educativo prevén medidas específicas para compensar as desigualdades derivadas de situacións económicas e sociais de toda índole e habilitan aos poderes públicos para realizar accións que favorezan a igualdade. Algunhas das medidas compensatorias que se están levando a cabo últimamente teñen un obxectivo moito máis específico si cabe, teñen o difícil obxectivo de facilitar a integración dos fillos dos inmigrantes nas escolas e, desde alí, a súa integración na sociedade.

Ahora ben, antes de seguir adiante, convén que precisemos a situación na que estos alumnos inmigrantes atópanse ao chegar ao centro, pois non debemos esquecer que a situación de partida de cada un deles é moi diferente.

A chegada dun alumno inmigrante ao colexio supón para éste un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrentarse a unha situación nova para el, lonxe do seu ambiente e nun país moi diferente ao seu, do que descoñece: a súa lingua (excepto nos casos nos que o alumno procede dun país iberoamericano); aos seus compañeiros de clase, as veces impregnados de fortes sentimentos xenófobos; o centro, con todas as súas dependencias; a propia actividade escolar, etc.

Esta situación agrávase cando o seu nivel educativo é máis baixo que o do resto dos seus compañeiros, pois non esquezamos que, en xeral, a procedencia de este alumnado soe ser de condición humilde, cunha situación socioeconómica moi baixa e que non tiveron oportunidade de ir á escola no seu lugar de orixe ou as condicións nas que o fixeron non foron as máis apropiadas.

A necesidade crecente de abordar solucións que permitan a progresiva adaptación do alumnado inmigrante extranxeiro sin que elo ocasione traumas ou inseguridades esixe que se articule un “**Plan de Acollida**” para estes alumnos.

Cada centro terá que ter unha persoa o un equipo, en función do número, que sexa referencia permanente para este alumnado. Isto non quere dicir que o resto do profesorado non estea involucrado. Estas persoas teñen que ter unha especial sensibilidade hacia o alumnado inmigrante. O máis adecuado é que sexan persoas voluntarias. É necesario, á chegada do alumnado, facer un diagnóstico inicial: a súa situación persoal e familiar, a súa competencia comunicativa, o grao de instrución e coñecemento dos nosos hábitos sociais, etc. Tamén é imprescindible aumentar os recursos dos centros.

2.- PLAN DE ACOLLIDA: PAUTAS XERAIS

2.1.- SITUACIÓN DE PARTIDA DOS ALUMNOS INMIGRANTES

De entrada, os alumnos inmigrantes enfréntanse a problemas moi parecidos a os que a continuación enunciamos:

- ☐ O **aprendizaxe da lingua vehicular** no que ten lugar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe do centro e que en ocasións pode ser distinta á súa.
- ☐ **Utilización dunha lingua diferente na súa vida cotiá**, coa súa familia, có seu ámbito de amizades, etc., e que soe ser a lingua materna, que é na que mellor manifestan súas inquiredanzas.
- ☐ **Diferentes referentes culturais**: o que lle ofrece o colexio e o que atopa na casa, que soen obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.
- ☐ **Diferentes niveis académicos**. Ao chegar, algúns alumnos presentan un ou dous cursos de retraso con relación a súa idade.
- ☐ A **dificultade de integración ao sistema educativo** é diferente entre os alumnos de Educación Infantil, que os de Educación Primaria e, non digamos xa, có de Educación Secundaria.
- ☐ **Debilidade económica das familias**, que se manifesta tanto nunha mala hixiene como nunha roupa pouco apropiada, así como na falta, as veces, de material escolar imprescindible.
- ☐ **Problemas de adaptación ao barrio**: non teñen amigos có que xogar e soen pasar gran parte da súa vida con outros nenos da súa mesma etnia, o que conleva algunhas situacións parecidas á creación de guetos.
- ☐ A súa **matriculación irregular**, xa que ésta lévase a cabo a súa chegada a España, que non soe coincidir có inicio do curso; é frecuente ver como ao longo do ano vanse matriculando novos alumnos nos centros, o que da lugar a novas problemáticas, en especial cando descoñecen a lingua.
- ☐ **Absentismo escolar**, relacionado có traballo dos seus pais; ao atopar traballo noutros lugares de España ou de Europa, os fillos destes inmigrantes deixan a escola, có que esto supón de perda de materias curriculares, hasta que atopen novo colexio e un novo proceso de adaptación, que retrasará o seu proceso escolar.

2.2. OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR. METODOLOXÍA

- **Asumir como Centro os cambios que comporta a interacción cultural** con alumnos procedentes doutros países.
- **Elaborar Proxectos de Centro interculturais** que faciliten e promovan procesos de intercambio, interacción e cooperación entre as culturas.
- **Facilitar a escolarización**, acollida e integración social e educativa do alumnado inmigrante xunto con seus propios compañeiros e profesores.
- **Aproveitar os momentos educativos e de enriquecemento mutuo intercultural** que aportan as diferentes culturas no aula.
- **Medidas e actuacións encamiñadas a garantir a atención educativa do alumnado inmigrante**, así como favorecer na comunidade educativa o desenrolo de actitudes de respecto á diversidade étnica e cultural.
- **Favorecer un clima social de convivencia, respecto e tolerancia**, en especial nas zonas que acollen inmigrantes, fomentando que os centros educativos sexan un núcleo de encontro e difusión dos valores democráticos non só da comunidade educativa sinon do propio barrio e zona.

A integración de toda a poboación nos ámbitos escolar e extraescolar ten que basarse no dereito de todos a vivir nunha sociedade que non fragmente entre inmigrantes e autóctonos, sinon cara a unha sociedade formada por cidadás cós mesmos dereitos e con capacidade para recoñecerse nos universais, de forma que a diversidade de orixes, de capacidades e de características sociais e culturais sexa recoñecida como un elemento común de toda a poboación. Los centros educativos fomentarán a participación das familias na vida do centro, organizando campañas informativas, xornadas interculturais e actividades culturais diversas. As actividades a realizar irán encamiñadas a completar os seguintes aspectos:

- **Organización do Centro escolar.**
- **Formación do Profesorado.**
- **Traballo có alumnado.**
- **Traballo coas familias.** Facilitar e promover a relación coas familias e posibilitar a súa participación no seo do colexio, abrindo uns canais útiles de participación activa dos pais na escola.
- **Titorías especializadas e Organización de todos os docentes encargados dos alumnos.** Titorías (sesións) diferentes para o grupo. Nas reunións semanais e mensuais de titoría realizarase o seguimento do alumno (Orientadora, Xefe de Estudos e Titor).
- **Elaboración de materiais específicos para os titores** dos grupos donde se escolaricen alumnos inmigrantes, adaptacións do curriculum (ACIs), tipo de atención (en grupo, individual, apoios, reforzos, metodoloxía, agrupamentos flexibles, contidos, etc.).
- En canto ao aprendizaxe do español e/ou do galego, realizarase un **proceso de inmersión lingüística**, seguindo as fases do aprendizaxe dunha lingua: escoitar, falar, ler, escribir e reflexionar sobre ela.
- **Compensación externa:** As actividades de compensación externa irán dirixidas ao seguimento da escolarización (absentismos), coordinación cós Servizos Sociais, etc.

□ Se lles procurará **axuda para a adquisición de materiais**, transporte escolar, comedor, si fuese necesario, atención axeitada si os pais traballan fora de la localidade, atención, etc.

2.3.- OBXECTIVOS DO TITOR NA SÚA AULA

Si o centro, como tal, tene unha gran importancia neste proceso de acercamiento entre culturas diferentes, e se vai a plasmar nun Plan de Acolida por parte de éste, non menos significativa é a labor do titor unha vez que o alumno se incorpora á clase, xa sin a presenza física dos seus familiares e sin outras referencias familiares nas que apoiarse. Nese momento o titor convértese para éste no seu único referente válido ante a clase, quen, si está nas suas mans, apoiarase en alumnos que falen o seu mesmo idioma ou que pertenza a unha cultura similar. O titor pasará dunha toma de contacto coa clase, máis relacionada có afecto e o cariño có o que todo neno debe ser recibido polo resto de compañeiros, a incidir en cuestións propias da súa titoría e que lle convén ter mui claras, como son:

- Unha avaliación inicial, que non fará outra cousa que confirmar as primeiras impresións recollidas polo centro no momento do seu ingreso. Vai encamiñado a determinar o grao de coñecementos xerais do neno, nos casos, sobre todo, de Primaria e Secundaria; no caso dos alumnos de Educación Infantil, o procedente é que se vaia incorporando progresivamente á clase. Asimismo convén que o novo alumno vaia coñecendo pouco a pouco o centro, desde os horarios, as instalacións, o comedor, etc. Sería convinte que nesta exploración inicial se organizasen actividades de fácil comprensión para este alumno e nas que puidese participar dalgunha forma (xogos xestuais, con sóns, etc.).
- Básicamente, os primeiros días deberían servir para traballar o obxectivo do ano, fomentar o coñecemento mutuo entre todos os membros da clase, das instalacións do Centro, así como normas, costumes e adecuación á nova situación do alumnado inmigrante.
- Presentación do profesorado. O titor lle explicará detalladamente, cando a idade de éste así o aconselle, do funcionamento da clase, as normas e, en especial, lles presentará ao resto de profesores cós que terá que desenvolver algunha clase.
- Reunión previa coa familia do alumno. Trátase nesta reunión de informar aos pais, como se fai normalmente có resto de pais, ben nunha reunión xeral a principio de curso, ben a través de reunións particulares, de cómo é a dinámica da clase, o que se pretende de cada neno, da metodoloxía que se emprega, dos criterios de avaliación, dos contidos que hai que superar, as normas de comportamento da clase, de aquelas actividades extraescolares programadas, etc. É decir, informarlles de todo o relacionado có funcionamento da clase.
- O titor, xunto có Orientador e o Equipo Directivo, determinarán as horas que o novo alumno necesitará saír da clase para recibir, si así o necesita, un curso intensivo da lingua de acolida, apoios ou reforzos en diferentes materias, etc.

Por outra parte, compete tamén ao profesor-titor, xunto coa colaboración de todos os outros profesores do aula, unha serie de funcións dirixidas máis a obter unha rápida integración do inmigrante no ambiente da clase que coa mera actuación encamiñada a coñecer o seu nivel educativo. Estámonos a referir a situacións como:

Colegio San Fernando

- Crear grupos de traballo nos que se integre o novo alumno e donde éste poida participar como un alumno máis.
- Buscar actividades deportivas, lúdicas ou de calquera tipo que se poidan levar a cabo nos recreos con outros alumnos da clase.
- Animalo a participar activamente no transcurso da clase, utilizando todo tipo de signos externos, si non coñece o idioma.
- Levar a cabo saídas de todo o grupo dirixidas a que o alumno inmigrante coñeza a realidade na que vive: o barrio, as ruas, os comercios e todo aquilo que lle poida servir para a súa vida cotiá.
- Favorecer un ambiente de cordialidade dentro da clase, rexeitando calquera situación xenófoba ou racista.
- O titor, xunto cós demais profesores levará a cabo unha ampla labor de seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe destes alumnos có fin de que éste teña un amplo dossier da evolución que éstos están levando.
- En ocasións será de gran interese para o recién chegado a asignación dun alumno-titor que lle guíe nos primeiros días e que lle facilitará en gran medida a súa integración ao grupo. Sería convinte que este alumno fora do seu mesmo país de orixe, xa que coñece o seu idioma.
- Por último, planificaranse reunións de coordinación e seguimento entre os diferentes profesores nas que se estudie o proceso de adaptación que leva este alumno.

En definitiva, o **Plan de Acollida** o que pretende non é outra cousa que facilitar ás familias a incorporación dos seus fillos ao centro, axudándolles en aspectos tan necesarios como a súa matriculación, a súa ubicación no propio centro (instalacións, clase, etc.), a súa incorporación ao grupo; todo elo dentro dun ambiente de cordialidade e de respecto, fomentando entre os alumnos do centro actitudes de tolerancia e convivencia, donde se teña sempre presente a cultura do outro e donde se lles garanan uns mínimos necesarios dos que partir nun intento de evitar desigualdades có resto de compañeiros.